

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE OUTUBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se aproba o Plan de xestión da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba (Laxe e Vimianzo, provincia da Coruña).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula o Rexistro de entidades incluídas no sector público autonómico de Galicia segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, e o Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do informe das conclusións da sesión constitutiva da Comisión interdepartamental de coordinación do litoral e balance das actuacións autonómicas en 2024.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para reforzo de persoal de xestión da transferencia e a innovación e consolidación de estruturas de investigación, por un importe total de novecentos mil euros cun céntimo (900.000,01 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Cáritas Diocesana de Ourense para o desenvolvemento e execución do Plan España protéxete contra a violencia machista no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea (NextGenerationEU). Importe: cincocentos vinte mil trescentos oitenta e sete euros con sesenta e tres céntimos (520.387,63 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 68 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas MIIB7 e MIIB8 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello do Porriño para actuacións con motivo do 150 aniversario do nacemento do arquitecto Antonio Palacios, por importe de cento setenta e oito mil seiscientos setenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (178.674,51 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Lugo para a restauración da cuberta da igrexa do Carme de Lugo, por importe total de cento corenta mil douscentos cincuenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (140.253,52 €) e se autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta que se prevén no referido convenio.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para a creación de superficies forestais cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización do proxecto obtención de marcadores moleculares de resistencia á salinidade no berberecho (*Cerastoderma edule*). RESALBER, para o período 2024-2026, por importe de cento setenta e catro mil douscentos dez euros (174.210,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe do balance de execución do Plan nacional de sustentabilidade turística en destinos Xacobeo 2021.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Eixo de mobilidade sustentable Vigo-Nigrán na PO-325.
- Informe sobre o rescate de catro autoestradas autonómicas en réxime de peaxe en sombra.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe dos programas de axudas dirixidas ás persoas autónomas.
- Informe sobre as bolsas de excelencia mocidade exterior.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o nomeamento da directora-xerente do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DE XESTIÓN DA PAISAXE PROTEXIDA OS PENEDOS DE PASARELA E TRABA CUNHA TRINTENA DE MEDIDAS E INVESTIMENTOS ESTIMADOS POR 0,6 M € PARA COMPATIBILIZAR A SÚA PRESERVACIÓN CO USO PÚBLICO

- O Consello dá o visto e praxe ao decreto de aprobación deste instrumento, no cal se identifican os principais valores que hai que preservar, os posibles riscos e ameazas e as normas que se seguirán para a utilización e aproveitamento do territorio e os seus recursos
- Entre as accións previstas cómpre destacar a elaboración dun plan de acción da paisaxe, medidas para recuperar a biodiversidade como a plantación de árbores autóctonas e a loita contra especies invasoras ou a mellora da sinalización
- As determinacións contidas no plan serán de obrigado cumprimento para administracións e particulares e prevalecerán sobre o ordenamento urbanístico
- Este conxunto de elevacións graníticas, declarado paisaxe protexida en 2008, ocupa en total 212 hectáreas e caracterízase por albergar unha xeomorfoloxía de gran valor

A Xunta aprobou hoxe o Plan de xestión da paisaxe protexida Os Penedos de Pasarela e Traba co reto principal de fixar un marco de referencia específico e duradeiro que garanta a compatibilidade entre a preservación e os diferentes usos públicos deste macizo granítico, localizado a cabalo entre os concellos coruñeses de Laxe e Vimianzo.

Articulado arredor de catro grandes obxectivos, trátase do primeiro instrumento de xestión dunha paisaxe protexida que se aproba en Galicia e nel identifícanse os valores principais que hai que protexer e os posibles riscos que poderían afectarlles, establécense as normas de uso e aproveitamento do territorio e dos seus recursos e determínanse as actividades permisibles para a conservación do espazo e dos hábitats que alberga.

En concreto, o plan de xestión aprobado esta mañá polo Consello vía decreto márcase como obxectivos fundamentais garantir a conservación e a protección do patrimonio natural, cultural e inmaterial existente neste espazo e avanzar no fomento do coñecemento, a investigación, a educación e a relación sustentable e harmoniosa entre a contorna, a poboación local e os visitantes.

Todo este traballo canalizarase a través de 28 medidas que se desenvolverán nos próximos anos e para as cales se prevé un investimento estimado inicialmente en 0,6 millóns de euros. En todo caso, e aínda que tanto o instrumento de xestión dos Penedos de Pasarela e Traba como as accións nel incluídas terán unha vixencia indefinida, poderán someterse a posibles revisións e actualizacións co fin de garantir a súa efectividade.

Entre esas actuacións previstas cómpre destacar a elaboración dun plan de acción da paisaxe, a recuperación da biodiversidade e da conectividade coa plantación de árbores autóctonas fronte ás repoboacións con piñeiros ou a posta en marcha dun programa de erradicación de especies exóticas invasoras e de detección temperá de aló xenas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén está previsto acometer un traballo de inventariado da toponimia e das lendas asociadas ao lugar ou un estudo arqueolóxico da Torre da Moa, onde, ademais, se mellorará a accesibilidade ao miradoiro e a sinalización.

Así mesmo, entre as actuacións de cara a garantir o equilibrio entre a protección e o desfrute do espazo por parte tanto da veciñanza como dos visitantes cómpre citar a creación dun aparcadoiro na zona do cruzamento do Brañal, a execución de accións de mantemento das vías e de limpeza e roza nas infraestruturas públicas existentes ou a instalación de paneis interpretativos e informativos.

Ao respecto, mellorarase e reforzase a sinalización, prestando unha atención especial aos lugares de maior interese e atractivo, como poden ser os principais miradoiros panorámicos dos penedos (Atalaia, Pico das Gaias e a xa mencionada Torre da Moa), os puntos de inicio e cruzamentos das rutas de sendeirismo existentes ou os xacementos.

Outro dos obxectivos é o fomento do coñecemento e da investigación sobre este espazo protexido coa elaboración de estudos sobre os efectos do cambio climático no lugar e a conectividade ecolóxica e coa realización de actividades de sensibilización dirixidas tanto a escolares de centros da zona como á poboación en xeral. Nesta liña, organizaranse visitas guiadas da man de xeólogos e elaborase novo material divulgativo.

As determinacións contidas no plan aprobado esta mañá serán de obrigado cumprimento para as distintas administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre o ordenamento urbanístico.

En todo caso, o plan prevé que se poidan seguir realizando os usos e actividades tradicionais que ata agora non causaron impactos sobre o medio. Neste sentido, cómpre indicar que a maior parte dos terreos incluídos nesta paisaxe protexida corresponden con propiedades privadas, un espazo altamente parcelado e no cal actualmente predomina o aproveitamento forestal.

Así mesmo e con relación ao desfrute público, o número de visitantes aos Penedos de Pasarela e Traba non é excesivo ben que a súa protección contribuíu a promocionalos como destino ideal para gozar da natureza.

Ademais, tamén é unha zona frecuentada para a práctica de deportes como o sendeirismo e distintas modalidades de escalada, actividades que se poderán seguir compaxinando no marco do plan de xestión.

Cómpre incidir en que todos os espazos naturais protexidos xogan un papel decisivo no mantemento dos procesos ecolóxicos e dos bens e servizos dos ecosistemas, claves, por exemplo, para o impulso da infraestrutura verde.

Espazo protexido

Os Penedos de Pasarela e Traba, declarados paisaxe protexida mediante decreto aprobado en decembro do ano 2008, conforman un territorio constituído por un conxunto de elevacións graníticas que ocupan unha superficie de 212 hectáreas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

repartidas entre os termos municipais de Laxe (103 ha) e Vimianzo (109 ha), na grande área paisaxística chairas e fosas occidentais, en plena Costa da Morte.

No seu conxunto, o macizo debuxa un espiñazo alongado de case 2,5 quilómetros de norte a sur, coa Torre da Moa como punto máis alto (274 m) e cunha xeomorfoloxía moi representativa e de gran valor. Existen tamén outras formacións menores subordinadas ao macizo principal e que lle confiren ao conxunto xeolóxico un enorme valor.

Ademais da relevancia estética e paisaxística deste espazo, que actúa como balcón natural ao Atlántico, tamén ten un enorme valor científico porque permite coñecer a evolución da paisaxe nesta zona. Deste xeito, os penedos indican non só a súa relación con longos procesos tectónicos durante os que as rochas foron fracturadas, erguidas ou afundidas, senón o papel que tiveron na súa orixe as condicións climáticas do pasado.

Por último e desde o punto de vista da biodiversidade, este rico territorio dividido entre Laxe e Vimianzo alberga importantes formacións de piñeiros, especies asociadas aos afloramentos rochosos, matogueira, prados, bosques de loureiro, de ribeira e carballeiras, mentres que os animais cunha maior presenza son as aves e os mamíferos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA O REXISTRO DE ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

- Garantirá aos cidadáns o acceso a unha información completa sobre os entes públicos autonómicos existentes e a súa actividade efectiva
- A consulta dos datos públicos estará dispoñible na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o Rexistro de entidades incluídas no sector público autonómico de Galicia. Un rexistro que se pon en marcha no marco da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, e o Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea.

Deste xeito, a Xunta aglutinará nun rexistro de seu toda a información pública relativa ás entidades instrumentais que forman parte do sector público autonómico, garantindo aos cidadáns o acceso a unha información completa sobre os entes públicos autonómicos existentes e a súa actividade efectiva.

Coa aprobación deste decreto dáse un paso máis na transparencia da Administración autonómica, ao inscribir no rexistro, con carácter obrigatorio, a creación, transformación, fusión ou extinción das entidades do sector público autonómico.

Así mesmo, esta iniciativa permite avanzar na coordinación coa información dispoñible noutros rexistros administrativos, en particular co Inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local.

O rexistro, que terá carácter público, dará así cumprimento aos principios de eficacia, eficiencia, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, atendendo á recomendación feita no seu día polo Consello de Contas.

A Consellería de Facenda e Administración Pública será a encargada de facilitar aos cidadáns o acceso ao Rexistro por medios telemáticos. A consulta dos datos públicos estará dispoñible na páxina web da consellería, así como no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REXEITA A PROPOSTA INICIAL DO GOBERNO SOBRE OS TRASPASOS DA XESTIÓN DO LITORAL PORQUE LIMITA A SÚA CAPACIDADE PARA OUTORGAR CONCESIÓNS E MANTÉN A INXERENCIA ESTATAL

- O Executivo autonómico conclúe que non se pode aceptar unha oferta que ignora a sentenza do Constitucional que avala a Lei do litoral e que pretende menoscabar as lexítimas competencias de Galicia neste eido
- Entre os puntos de desacordo destaca que “o Estado reserva para si a xestión dalgúns títulos de ocupación”, facultade exclusiva da Comunidade galega
- Ademais, a proposta de acordo “exixe un informe vinculante para que a Xunta poida autorizar obras ou instalacións non desmontables” e non concreta nin os medios nin a financiación que recibiría Galicia para xestionar o seu litoral
- Tras a súa constitución oficial, a Comisión interdepartamental para o impulso da Loxilga asume o compromiso de traballar na creación do Foro do Litoral, órgano de participación e asesoramento, e nas Directrices de ordenación do litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta lle trasladará de inmediato ao Goberno central o seu desacordo coa proposta recibida para empezar a negociar a transferencia á Comunidade das funcións, servizos e medios necesarios para asumir a xestión completa do litoral ao entender que limita a súa capacidade de acción e mantén inxerencias estatais sobre as súas competencias. “O noso obxectivo é chegar a un acordo no menor tempo posible, logo dos meses de espera tras a sentenza do Constitucional”, indicou.

Unha semana despois de que o Ministerio de Política Territorial enviase un borrador de acordo para o traspaso, o Consello tomou razón esta mañá dun informe no cal, entre outras cuestións, se fai unha análise e unha valoración detalladas do documento, chegando á conclusión de que a Xunta non pode aceptar unha proposta que ignora o novo escenario aberto tras a aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga) e a sentenza do Tribunal Constitucional que avalou en abril a súa lexitimidade.

Ademais de rexeitar a propia forma do acordo, xa que se trata dun borrador tipo de carácter xurídico, os principais puntos de discrepancia están no seu contido. Concretamente, tal e como explicou Rueda, “o Estado propón reservar para si a xestión dalgúns títulos de ocupación”, sen especificar cales, a pesar de que esta é unha facultade “exclusiva” da Comunidade galega, que ten as competencias en materia de ordenación do territorio.

Así mesmo, no borrador de acordo remitido propónse “a exigencia dun informe vinculante do Estado cada vez que a Xunta pretenda outorgar unha concesión para obras ou instalacións non desmontables no dominio público marítimo-terrestre

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(DPMT)”, requisito que suporía unha clara inxerencia estatal sobre as competencias autonómicas.

Polo exposto e tendo en conta que o documento tampouco “concreta os medios ou o persoal que se transferiría a Galicia nin o financiamento correspondente”, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático responderá hoxe mesmo ao Ministerio que non acepta o borrador de acordo do traspaso en materia de ordenación e xestión do litoral.

Cómpre lembrar que esta proposta chega case seis meses despois da sentenza do TC que lle deu a razón a Galicia e permitiu desbloquear a aplicación práctica da Loxilga tras o recurso interposto polo Goberno central. Neste sentido, negociar a transferencia das funcións e servizos de que actualmente dispón o Ministerio para xestionar a costa galega é un paso fundamental para poder seguir co desenvolvemento da lei. “Reclamamos para Galicia o que a Galicia lle corresponde”, salientou Rueda.

De feito, en canto reciba o traspaso formal dos medios necesarios para asumir directamente todas as súas competencias neste eido, a Xunta ten o compromiso de comezar a traballar de inmediato na emisión dos primeiros informes e títulos relacionados coa xestión do litoral, co horizonte posto en xaneiro de 2025.

Constitución da Comisión interdepartamental

O borrador de acordo remitido polo Goberno central foi un dos puntos que centraron o día 9 de outubro a reunión constitutiva da Comisión interdepartamental de coordinación da ordenación do litoral, encargado de dirixir e impulsar a aplicación da Loxilga.

Esta comisión interdepartamental será agora a encargada de supervisar a elaboración, aplicación e seguimento dos diferentes instrumentos de ordenación en que se apoia a lei para garantir o cumprimento do seu principal obxectivo: xestionar de forma integrada e en clave galega as actividades humanas no litoral para garantir o aproveitamento sustentable dos seus recursos e a conservación dos ecosistemas costeiros.

Neste sentido, os membros da comisión—presidida pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático e da que forman parte tamén as consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes; de Cultura, Lingua e Xuventude, e do Mar— asumiron o compromiso de traballar na constitución do Foro do Litoral que, como recolle a propia lei, será o máximo órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento en ordenación da franxa costeira.

O obxectivo é construír un espazo en que estean presentes, xunto á Administración galega, as universidades, organismos científicos, organizacións dos sectores produtivos, entidades ambientais e outras dedicadas á defensa e protección do patrimonio cultural.

Tamén se acordou empezar a elaborar as Directrices de ordenación do litoral (DOL), un dos instrumentos previstos na Loxilga e que será o marco xeral de referencia para a elaboración dos restantes instrumentos de ordenación do litoral e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais sobre o litoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pioneira en regular a costa en toda a súa extensión

Coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular a través dunha normativa propia e integral a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar a fóra como terra a dentro. De feito, a través dela a Xunta xestionará 1.600.000 hectáreas terrestres e marítimas.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a lei establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

Neste sentido, ofrece tamén un marco de seguridade xurídica ao complexo mar-industria, no cal traballan arredor de 40.000 persoas e que xera uns 9.000 millóns de euros anuais, preto do 5 % do PIB galego.

A normativa tamén delimita as actuacións e usos estratéxicos que permitirán o asentamento e ocupación da costa a través das autorizacións pertinentes. En definitiva, con ela Galicia dará un paso decisivo para poder asumir, á fin, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de autonomía sobre a xestión do DPMT, un proceso iniciado hai case 40 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A CASE 20 M€ O ORZAMENTO DO PLAN REFORZA DA INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA COA DOTACIÓN DE 12 TECNÓLOGOS MÁIS PARA APOIAR O LABOR CIENTÍFICO

- Rueda salienta que a medida se enmarca na aposta da Xunta por consolidar un sistema de I+D “forte e competitivo”
- O Consello autoriza inxectar case 1 M€ máis ás tres universidades públicas para cubrir novas necesidades de soporte á actividade investigadora
- Os campus xa contrataron 132 destes profesionais o ano pasado ao abeiro deste plan, un 20 % máis do inicialmente previsto
- Trátase de especialistas en xestión de proxectos de I+D+i en prol dun mellor funcionamento do sistema e de maior transferencia á sociedade
- O presidente lembra que antes de finais de ano estará en marcha o Plan galego de investigación e innovación e que, ao longo da lexislatura, se creará a Fundación para o impulso da ciencia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou “elevar ata os 20 millóns de euros” o orzamento inicial do Plan reforza da investigación universitaria -posto en marcha o curso pasado- para que “os campus contraten a 12 tecnólogos máis que lles apoiem” na súa actividade científica.

Unha medida que se enmarca, segundo explicou, na aposta da Xunta por consolidar un sistema de investigación “forte e competitivo” e que se traduce en novas iniciativas coma “o Plan galego de investigación e innovación” que estará en marcha antes de que remate o ano ou “a futura Fundación para o impulso da ciencia” que se creará ao longo da lexislatura.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio coas tres universidades galegas a través do cal se puxo en marcha esta iniciativa o ano pasado. Este novo acordo, por importe de case 1M €, permitirá contratar 12 tecnólogos máis para apoiar a actividade investigadora.

Serán catro profesionais para cada unha destas institucións académicas, que se suman aos 132 xa contratados polas universidades o ano pasado ao abeiro deste plan, un 20% máis do inicialmente previsto. Deste xeito, a Universidade de Santiago de Compostela conta xa con 58 tecnólogos contratados ao abeiro do Plan reforza, a Universidade de Vigo, 40, e a da Coruña, 34.

A nova ampliación supón dar un paso máis na aposta do Goberno galego por un sistema de investigación universitario forte e competitivo con apoio estrutural e estable no referido ás estruturas de investigación.

O Plan reforza da investigación universitaria ten un orzamento de 19,7M € para o período 2023-2026 e establece como obxectivos básicos o desenvolvemento e consolidación dos servizos de apoio á investigación dentro do Sistema universitario de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia (SUG) ao tempo que axuda ás universidades a optimizar e incrementar as súas capacidades en investigación, captación de recursos (de talento e de fondos), transferencia de coñecemento e internacionalización.

Transferencia á sociedade

O apoio económico da Xunta materialízase en fondos para que as tres universidades públicas galegas contraten tecnólogos especializados en materia de I+D+i co obxectivo de dar soporte á actividade científica que veñen desenvolvendo e facilitar a transferencia de coñecemento ao conxunto do tecido empresarial.

Trátase de profesionais xestores de I+D+i especializados en cuestións como a xestión de proxectos internacionais, a negociación cos sectores produtivos, a protección da propiedade intelectual, a posta en valor de resultados de investigación, o aproveitamento das infraestruturas científico-técnicas ou a xestión de recursos humanos e de comunicación, entre outros.

Os tecnólogos actúan de nexos nas relacións entre os organismos de financiamento da investigación e a comunidade científica, tendo en conta cuestións como as diferenzas culturais e xurídicas entre países e entre o mundo académico e a industria. Isto é, xogarán un papel clave na xestión do bo funcionamento dos proxectos de investigación liderados polos científicos que traballan nas tres universidades públicas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 520.000 EUROS A RENOVACIÓN DA CASA DE ACOLLIDA DE CÁRITAS EN OURENSE

Financiarase o 100 % das obra de mellora e a adquisición dun vehículo que dará servizo ás mulleres que se aloxan neste recurso

O Consello da Xunta de hoxe autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Cáritas para a renovación da casa de acollida que esta entidade ten en Ourense e a adquisición dun vehículo que dea servizo ás usuarias deste centro. O orzamento deste acordo supera os 520.000 euros, procedentes de fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NextGenerationEU).

O obxectivo do convenio é garantir un aloxamento seguro e confortable para as mulleres vítimas de trata e explotación sexual ás cales se presta atención neste recurso que forma parte da Rede galega de acollemento. A Xunta financiará o 100 % das obras que Cáritas levará a cabo nas súas instalacións, que consistirán na reforma e rehabilitación de espazos interiores, na renovación do equipamento, na eliminación de barreiras arquitectónicas e na mellora do illamento acústico e térmico para unha maior eficiencia e aforro enerxético. Ademais, adiantarase o 80 % da axuda para facilitar a execución das actuacións previstas.

Este convenio de colaboración forma parte dos investimentos que destina a Xunta para mellorar a Rede galega de casas de acollida para dotala de mellores equipamentos e servizos. Así, recentemente aprobouse un convenio co Concello do Porriño para a creación do primeiro centro de acollida especializado en vítimas con problemas de adicción; outro co de Lugo para a reforma integral das vivendas de acollida de titularidade municipal e un terceiro con Aliad-Ultreia para renovar a casa de acollida que esta asociación ten na cidade lucense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO CONTRATO POR PRETO DE 637.000 € DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 68 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, VIGO

- Trátase da segunda licitación de proxectos para vivendas que se construírán no polígono 2 de San Paio de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4M €
- Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 605 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, tendo en conta as 359 que está a desenvolver no polígono 1

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun novo contrato de redacción de proxecto para a construción de 68 vivendas de promoción pública (VPP) no barrio de Navia, no concello de Vigo, por un orzamento que rolda os 637.000 euros.

Trátase do segundo contrato de redacción dos proxectos básicos e de execución e dirección de obra para a construción de novas vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas do polígono 2 de San Paio de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4M €.

Neste caso, proxéctanse 24 vivendas na parcela MIIIB7 e outras 44 na MIIIB8, con superficies de 1.443 e 1.526 m² respectivamente, ás cales se engaden as 178 VPP que se construírán tamén no polígono 2, na parcela MV-7, cuxa contratación de redacción de proxectos foi autorizada polo Goberno galego o pasado 30 de setembro.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 605 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, tendo en conta as 359 que está a desenvolver no polígono 1 de San Paio de Navia.

O Goberno galego segue avanzando no obxectivo de habilitar na cidade de Vigo 1.600 vivendas protexidas no barrio de Navia, distribuídas en tres polígonos: 733 no polígono 1, das que 359 son vivendas de promoción pública; 719 neste polígono 2, e coa previsión de executar outras 147 vivendas protexidas no polígono 3. Ademais, a Administración autonómica tamén investiu 24M € na adquisición de solo.

A Xunta mantén o impulso na construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, e continúa traballando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DO PORRIÑO NO RECOÑECIMENTO Á FIGURA DE ANTONIO PALACIOS

- O Consello dá luz verde ao convenio coa Administración local polo que se achegan 170.000 € á conmemoración do 150 aniversario do nacemento do arquitecto
- A terra natal do homenaxeado organiza varias actuacións e actividades, entre elas a posta en marcha dunha sala de exposicións
- Ademais, no municipio tamén se celebran os cen anos da Casa Consistorial, a obra máis emblemática deixada polo seu ilustre veciño
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa así na súa liña de apoio ás iniciativas que contribúen á difusión da arte, a historia e o coñecemento

A Xunta colabora coas celebracións do 150 aniversario do nacemento do arquitecto Antonio Palacios mediante un convenio co Concello do Porriño, terra natal do homenaxeado, polo que fai unha achega de 170.000 euros para o desenvolvemento das distintas actuacións programadas pola Administración local, algunhas delas xa desenvolvidas nos últimos meses. Así se deu conta hoxe na reunión do Consello, en que se destacou a posta en marcha dunha sala de exposicións como principal proxecto no municipio.

Así, a través desta achega, a maior parte da cantidade orzada polo concello porriñés (178,674 €) para levar a cabo as súas propostas, o Goberno galego involúcrase coa celebración do ano Palacios co obxectivo de poñer en valor un galego considerado unha das figuras máis importantes da arquitectura española da primeira metade do século XX, autor de grandes obras tanto dentro como fóra de Galicia. Nesta liña, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa co seu labor de apoiar aquelas accións encamiñadas a divulgar e difundir o patrimonio, a cultura, a arte, a historia e o coñecemento a prol da sociedade.

Neste senso, O Porriño tamén conmemora neste 2024 os cen anos da inauguración do edificio máis emblemático que lle deixou o seu ilustre veciño, a Casa Consistorial. Así, as iniciativas programadas nestes meses de celebración ao redor do arquitecto van desde os actos conmemorativos polo centenario deste inmovible ata actividades culturais, educativas, festivas, divulgativas e de promoción.

O proxecto máis destacado no marco deste recoñecemento é a posta en marcha dunha sala de exposicións dedicada a Antonio Palacios, á cal se destina, polo tanto, a gran parte da axuda da Administración autonómica. Unha partida que se inviste tanto na adaptación do local como na musealización do espazo, enfocado en mostrar a traxectoria profesional e persoal do porriñés con pezas como cadernos de traballo, textos, debuxos, planos ou maquetas.

Ademais deste gran fito, a programación de actividades tamén vén sendo intensa durante estes meses con diversas propostas como roteiros que conducen polo legado do autor ou un certame nacional de graffitis. Iniciativas que se completan co impulso á creación de contido dixital e lanzamento de redes sociais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar tamén que no pasado mes de xuño se celebrou, coa presenza do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, a primeira edición dos Premios Antonio Palacios impulsados polo concello do Porriño para honrar a súa memoria e distinguíronse distintas persoas e entidades destacadas pola súa contribución á sociedade no eido da cultura, a empresa, o deporte e compromiso social.

Antonio Palacios e a súa obra

Antonio Palacios naceu no Porriño en 1874, estudou o Bacharelato en Pontevedra e titulouse en arquitectura en Madrid, cidade a que se mudou de novo coa súa familia e onde faleceu en 1945. Foi alí onde desenvolveu unha destacada carreira sen esquecerse da súa terra.

En Galicia, ademais da Casa do Concello do Porriño, destaca o antigo Teatro García Barbón, no centro de Vigo, como unha das súas construcións máis coñecidas. Así mesmo, cómpre subliñar que na actualidade a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, está a desenvolver proxectos de restauración en varios bens da autoría de Palacios como o Templo Votivo do Mar, en Nigrán; o templete de San Luis, no Porriño, e a fonte de Troncoso, en Mondariz-Balneario.

Mentres, na capital de España deixou un importante legado, entre o que se atopa o Palacio de Comunicacións, o Círculo de Belas Artes ou a actual sede do Instituto Cervantes, ademais do deseño de gran parte das estacións do Metro de Madrid.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REPARARÁ OS DANOS ESTRUCTURAIS DA CUBERTA DA IGREXA DO CARME DE LUGO

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Lugo por máis de 140.000 euros para estas obras
- O obxectivo das obras é restaurar as pezas afectadas do cumio do corpo na zona do presbiterio e deter así a entrada de humidade
- A actuación enmárcase no compromiso do Goberno galego coa protección e posta en valor do patrimonio cultural da Comunidade

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Lugo con que o Goberno autonómico impulsa a restauración dos danos estruturais que afectan a cuberta do inmovible. A igrexa do Carme, localizada xunto á Porta Miñá nos extramuros da muralla romana da cidade de Lugo, contará a través deste acordo cun investimento de máis de 140.000 euros.

Deste xeito, a intervención pretende actuar no inmovible para reconstruír as pezas afectadas do tellado, na zona do presbiterio, e poder deter así a entrada de humidade no ben.

Para iso, os traballos ao abeiro deste convenio inclúen a montaxe e desmontaxe das estadas multidireccionais, a demolición da cuberta de lousa existente coa conseguinte xestión dos residuos que se xeren. Así mesmo, tamén se formará unha nova estrutura de cuberta a través dunha armadura de madeira de castiñeiro cunha estrutura de aceiro inox, na cal se suxeitará o novo tellado de lousa rústica. O muro do templo estará unificado con morteiro de cal e sobre el pousarase o perpiaño de granito en que se apoia o teito.

Compromiso co patrimonio

A Diocese de Lugo é a titular do inmovible e beneficiaria final da axuda, polo que será quen execute os traballos de reconstrución da igrexa. O convenio enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia pola conservación e a protección do patrimonio artístico da Comunidade, así como na colaboración estable que a Consellería mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

A igrexa do Carme de Lugo atópase xunto á Porta Miñá nos extramuros da muralla romana, calzada que conducía cara a Santiago de Compostela, a través do camiño primitivo. Foi reconstruída en 1780 pola Irmandade da capela que anteriormente se atopaba alí e que decidiu reformar, concluíndo a capela maior, a sancristía e o camarín unidos ao corpo da xa existente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU DESDE 2016 PRETO DE 41 M € PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE SUPERFICIES FORESTAIS EN MÁIS DE 21.600 HECTÁREAS

- O número de plantas de coníferas e frondosas aprobadas para plantar no devandito período supera os 23,4 millóns de exemplares, dos que máis de 21 millóns xa foron plantadas e o resto vanse plantar coas axudas de 2024, que se executarán no que resta de ano e ao longo de 2025
- A cantidade de planta aprobada para aumentar a superficie arborada de Galicia, ademais de evidentes repercusións ambientais, ten unha serie de implicacións importantes para o sector de produción de planta en viveiros galegos, tanto desde un punto de vista operativo como económico
- Na última convocatoria destas subvencións, correspondente a 2024, das máis de 150 solicitudes que se aprobarán, o 77 % son de comunidades de montes veciñais en man común

A Consellería do Medio Rural destinou preto de 41 millóns de euros entre 2016 e 2024 para fomentar a creación de superficies forestais en Galicia. Con estes fondos actuouse nun total de 21.676,07 hectáreas e o número de plantas de coníferas e frondosas aprobadas para plantar no devandito período ascende a máis de 23,4 millóns de exemplares.

Deste total, algo máis de 21,3 millóns xa foron plantadas nos terreos forestais galegos. A elas cómpre sumar os algo mais de dous millóns de novos exemplares que se van plantar coa axuda do 2024, que se executará no que resta de ano e ao longo de 2025. Na última convocatoria destas achegas, correspondente ao ano 2024, e cuxa resolución se publicará no *Diario Oficial de Galicia* o 21 de outubro, aprobaranse un total de 152 expedientes para actuar en algo máis de 2.000 hectáreas cun investimento que supera os 4,8 millóns de euros. De feito, a boa acollida desta medida fixo que a Consellería incrementase a súa dotación inicial desde os 1,5 millóns de euros ata superar os 5,2 millóns.

O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón destas actuacións da Consellería do Medio Rural, realizadas a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Beneficiarios das axudas

Os beneficiarios destas axudas son as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos forestais, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores. Polo tanto, estas achegas representan unha importante inxección de fondos no rural galego (o que supón un claro beneficio económico) e teñen tamén repercusións positivas desde o punto de vista social e ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na convocatoria destas subvencións de 2024, das máis de 150 solicitudes que se aprobarán, o 77 % son de comunidades de montes veciñais en man común. O resto son de particulares de xeito individual (representan arredor dun 14,5 %) e de agrupacións (arredor do 8 %). Ademais, nesta convocatoria aprobarase unha axuda para unha entidade local, o Concello ourensán de Larouco.

Repercusións ambientais, operativas e económicas

A cantidade de planta aprobada para aumentar a superficie arborada de Galicia, á parte de evidentes repercusións ambientais, ten unha serie de implicacións importantes para o sector de produción de planta en viveiros galegos, tanto desde un punto de vista operativo como económico.

Así, coñecer a cantidade exacta de planta aprobada permite aos viveiros programar e planificar as actividades de produción (sementeira e cultivo) de maneira máis eficiente asegurando que as plantas estean listas para a plantación na temporada adecuada. Ademais, poden prever ingresos, o que contribúe á súa estabilidade económica.

Estas axudas enmárcanse no contexto do PDR de Galicia 2014-2020 e amosan con feitos o compromiso continuado da Xunta pola ampliación e diversificación da superficie forestal arborada, en liña con diferentes eixes da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica.

Outras axudas sobre planificación e ordenación forestal

Estas axudas súmanse a outras liñas que tamén xestiona a Consellería do Medio Rural relacionadas coa planificación e a ordenación forestal, tales como as destinadas á rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais nestas mesmas masas; as orientadas ao impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo; as enfocadas ao fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros ou as que teñen como finalidade fomentar e apoiar as agrupacións forestais de xestión conxunta. Estas últimas foron resoltas recentemente, por importe de preto de 1 millón de euros, e permitirán crear 20 novas agrupacións deste tipo.

Todas estas medidas da Xunta amosan o seu compromiso co fomento forestal sustentable e a aposta do Goberno galego por un monte diversificado, en que teñan cabida diferentes especies, de xeito equilibrado e sustentable. Ademais, plásmase así o apoio ao sector forestal de Galicia, cunha orientación do recurso cara ao produto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO IDENTIFICARÁN MARCADORES PARA OBTENIR ESTIRPES DE BERBERECHO RESISTENTES Á BAIXA SALINIDADE

- Este novo proxecto de investigación impulsado polo Goberno galego levarase a cabo en colaboración coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e as de Vilaxoán, Moaña e as que xestionan a lonxa de Campelo
- A actividade investigadora prolongarase ata o ano 2026 e dispón dun investimento plurianual que supera os 174.000 euros
- Para o seu desenvolvemento contarase tamén co grupo de investigación Acuigen de xenética aplicada á acuicultura e á conservación dos recursos biolóxicos e especializado na xenética e xenoma de moluscos bivalvos

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Resalber que ten como finalidade a obtención de marcadores moleculares de resistencia á salinidade do berberecho (*Cerastoderma edule*). Este traballo será executado polo Acuigen de xenética aplicada á acuicultura e á conservación dos recursos biolóxicos e especializado na xenética e o xenoma de moluscos bivalvos e contará coa colaboración do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA).

Para iso, está previsto o desenvolvemento dun mapa espacio-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecido, así como doutros axentes emerxentes de potencial risco sobre as poboacións marisqueiras. Deste xeito, tratarase de coñecer se pode existir asociación entre a súa presenza e as caídas de produción nas rías de Arousa e Pontevedra.

Nesta iniciativa, en que tamén colabora a Federación Galega de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e as de Vilaxoán, Moaña e as que xestionan a lonxa de Campelo, é dicir, a pontevedresa, a de Lourizán e a de Raxó.

Este acordo de colaboración establece un financiamento plurianual que supera os 174.000 euros, así como a actividade investigadora que se prolongará ata o ano 2026, momento no cal se presentará o informe cos resultados finais. Así, detalla a execución do proxecto en tres fases nas cales se realizarán mostraxes e análises que servirán tamén avaliar a estratexia para tomar medidas correctoras ademais de complementar este traballo con reunións cos técnicos das confrarías involucradas cos cales cortexar e analizar os seus datos de produción en cada caso.

Impulso á investigación

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rendemento no uso dos recursos. Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A XUNTA XA EXECUTOU O 100% DOS FONDOS EUROPEOS DO PLAN NACIONAL XACOBEO PARA O IMPULSO DE PROXECTOS TRACTORES NO CAMIÑO

- Explica que, ao abeiro deste plan, o Goberno galego elaborou unha liña de axudas que impulsasen a posta en valor de elementos patrimoniais senlleiros vinculados ás rutas xacobeas, así como a sinalización da ruta Eurovelo 1 no treito de Tui a Cee, entre outros
- As medidas deste plan estatal están incluídas no plan autonómico Xacobeo NextGeneration que están a permitir diversificar a ruta xacobeá e mellorar os servizos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a Xunta "xa executou o 100% dos fondos europeos" recibidos para "promover proxectos estratéxicos para o turismo vencellados ao Camiño de Santiago" no marco do Plan nacional de sustentabilidade turística en destinos Xacobeo 2021. Un programa dotado de preto de 8,3 millóns de euros e que se inclúe no Plan Xacobeo NextGeneration deseñado polo Executivo autonómico.

En concreto, o Plan nacional incluía o deseño por parte da Comunidade autónoma de proxectos tractores para o turismo, para o que a Xunta elaborou unha liña de axudas que impulsasen a posta en valor de elementos patrimoniais senlleiros vinculados ao Camiño de Santiago para dotalos de usos turísticos. Esta convocatoria está resolta e permitirá axudar "á posta en marcha dun hotel e dun espazo de restauración no Mosteiro de Oia, tamén nos faros grande e pequeno de Cabo Silleiro e da rehabilitación dun edificio na cidade de Vigo para impulsar os seus usos turísticos".

Ao abeiro destes fondos, tamén está en execución "a sinalización da ruta ciclista Eurovelo 1, no seu trazado de Tui a Cee", cun orzamento de máis de 1 M€ e tamén está adxudicado e a piques de entregarse "o proxecto de dixitalización de distintos itinerarios do Camiño de Santiago en Galicia", así como a creación dun sistema de xestión que permita o seu mantemento, cun orzamento de máis de 800.000 €.

Do mesmo xeito, para impulsar e "mellorar os servizos na Ruta Traslatio", tamén están en execución as obras coa previsión do remate no mes de decembro para "a mellora dos clubs náuticos de Sanxenxo, O Grove, Vilanova de Arousa, Boiro, Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Rianxo". O último proxecto deste plan nacional é o que supón "a creación dun centro de atención a peregrinos náuticos en Vilagarcía de Arousa", cuxa adxudicación está prevista neste mes.

Estas medidas, das cales se informou hoxe no Consello da Xunta, enmárcanse no plan autonómico máis amplo denominado Xacobeo NextGeneration, para realizar actuacións vinculadas co Camiño de Santiago. Conta cun investimento global de preto de 40 M€ e inclúe tamén a rehabilitación de 12 bens de interese cultural no Camiño coa intención de seguir diversificando e mellorando os servizos dos itinerarios xacobeos nun momento en que a chegada de peregrinos está a evolucionar a moi bo ritmo, cun crecemento do 16%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA A MELLORA DA SENDA PEONIL E CICLISTA ENTRE VIGO E NIGRÁN, QUE PREVÉ DÚAS NOVAS GLORIETAS E CONTA CUN ORZAMENTO DE 5M €

- Trátase de actuar ao longo de 13,3 km da PO-325, nunha zona cun forte crecemento poboacional nos últimos anos e de frecuentes desprazamentos ás zonas de praias
- Habilitarase un itinerario mixto peonil-ciclista cunha sección tipo de 3 metros de ancho, mediante unha reorganización dos espazos da vía e asegurando a continuidade da senda nas interseccións da estrada
- Disporanse zonas de descanso ao longo do percorrido e 3 áreas de transferencia entre vehículo e bicicleta, onde se poderá aparcар o vehículo e continuar o paseo en bicicleta
- Deséñanse dúas novas glorietas nos quilómetros 2+650 e 14+650, que permitirán gañar espazo para a senda ao eliminárense xiros, favorecendo a seguridade viaria nos cruzamentos e calmando o tráfico
- A Xunta someterá nos vindeiros días o proxecto a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar e executar as obras ao longo do ano 2025

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional do proxecto para remodelar e mellorar o carril bici entre Vigo e Nigrán que discorre pola estrada da vía (PO-325), reforzando o seu papel de eixo de mobilidade sustentable entre Vigo, Nigrán, Gondomar, Baiona e incluso Oia e A Guarda ao conectarse coas sendas da PO-340 e a PO-552.

Esta intervención conta cun investimento do Goberno galego estimado en máis de 5 M €, e ten como obxectivo actuar ao longo de 13,3 km desta vía autonómica, entre os puntos quilométricos 0+700 a 14, nun ámbito cun forte crecemento poboacional que continuará nos vindeiros anos, e onde son moi frecuentes os desprazamentos ás zonas de praias entre a cidade de Vigo e Nigrán.

As actuacións que se van desenvolver consisten na conformación dunha senda mixta peonil e ciclista cunha sección tipo de 3 metros e que teña continuidade nas interseccións. Os criterios para o seu trazado axústanse en case todo ao espazo dispoñible na estrada. Esta ampliación da sección será especialmente relevante no treito que une Navia coa senda do río Lagares, que é un dos treitos máis frecuentados por peóns e ciclistas.

Naquelas zonas onde se dispón dun ancho de paso suficiente, executaranse zonas para o descanso dos usuarios. Tamén se disporá de árbores e mobiliario: bancos, papeleiras e aparcabicicletas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto redactado polo departamento de Infraestruturas da Xunta prevé nos puntos quilómetros 2+600, 3+800 e 12+500 a disposición de 3 áreas de transferencia entre vehículo e bicicleta, onde se poderá aparcар o vehículo e continuar o paseo en bicicleta.

Ademais, en diversos puntos do trazado onde as condicións topográficas ou a existencia de edificacións non fai posible a ampliación da plataforma, reordenarase a sección transversal, diminuindo o ancho do carril para vehículos ata os 3 metros, favorecendo a moderación da velocidade.

Unha das cuestións máis relevantes do proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta é a mellora dos cruzamentos para dar continuidade neles á senda peonil e ciclista, que coa configuración actual se perde nalgúns glorietas, así como habilitar esta continuidade no treito urbano de Nigrán.

Actuacións complementarias

O proxecto provisional aprobado hoxe polo Executivo autonómico prevé distintas actuacións complementarias e imprescindibles para garantir a correcta funcionalidade da senda proxectada.

Así, nas interseccións manterase a xeometría das vías coas que cruzan a senda, e ademais se proxectarán pasos peonís sobreelevados nas interseccións.

Tamén se deseñan dúas novas glorietas nos puntos kilométricos 2+650 e 14+650 (na Ramallosa), con bordo de formigón remontable, coa finalidade de gañar espazo para a senda ao eliminarse cruzamentos conflitivos e algúns xiros á esquerda, o cal mellorará a seguridade viaria e axudará a moderar a velocidade de circulación dos vehículos.

Ademais, o aparcadoiro, que se executará na contorna do punto quilométrico 12+540, coa finalidade de eliminar vehículos da zona de tránsito e acadar unha contorna máis favorable e atractiva para o uso de vehículos de mobilidade persoal, permitirá a transferencia entre os diferentes medios de transporte (vehículo de motor e medio de transporte sustentable); compensando tamén a perda de prazas debido á execución dos itinerarios para mobilidade sustentable sobre as prazas de aparcadoiro existentes.

Agora, tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nos vindeiros días someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo dun mes.

Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións e tamén para os efectos expropiatorios, xa que para a execución das obras será necesario expropiar un total de 37 predios (26 pertencentes ao concello de Vigo e 11 pertencentes ao concello de Nigrán), cunha superficie de 3.218,00 m².

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto, realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo do ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Zonas máis significativas onde se prevé a realización de actuacións de maior grao para a execución da senda:



P.Q. 0+740 Inicio do treito da actuación. Acceso a San Paio de Navia



P.Q. 1+600 Intersección co Camiño de Santiago. Intersección na que se perde a continuidade da senda



P.Q. 1+400 Conexión con sendas do río Lagares e Samil. Estreitamento a ampliar.




P.Q. 2+850 Eliminación de carrís centrais de espera para gañar ancho para os itinerarios peonís e ciclistas



P.Q. 5+080 Glorieta acceso praia de Canido. Itinerario seguro a habilitar na intersección

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxes da actuación do proxecto aprobado provisionalmente hoxe no Consello da Xunta:



Continuidade da senda. Glorieta de Canido



Nova glorieta no cruce de Monte Lourido, entre Praia América e Ramallosa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA RECUPERARÁ A CONCESIÓN DAS AUTOESTRADAS DO SALNÉS, BARBANZA, OURENSE-CELANOVA E SANTIAGO-BRIÓN

- Explica que esta operación permitirá suprimir así a peaxe en sombra que pagan cada ano todos os galegos e galegas, así como "aforrar ás arcas públicas máis de 30 M€"
- Galicia conta nestes momentos con máis de 1.400 quilómetros de vías de altas prestacións e neste 2025 seguirase avanzando en eixos coma Tui-A Guarda, Nadela-Sarria ou Santiago-A Estrada
- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas volveu insistir na necesidade de que "tamén as autoestradas de xestión estatal, a AP-9 e a autoestrada que une Santiago con Lalín, deixen de estar entre as máis caras de España" e a súa titularidade pase a estar en Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou que o Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe recuperar a concesión de catro autoestradas de gran relevancia: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Unha importante medida en materia de infraestruturas que, tal e como explicou, "permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas, que poderán destinarse a outras cuestións como a vivenda".

O titular do Goberno galego manifestou que esta decisión enmárcase dentro dunha estratexia "coherente" coas políticas de infraestruturas desenvolvidas pola Xunta nos últimos anos, que inclúe a construción de máis de 220 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, garantindo que oito de cada dez galegos teñan acceso a unha destas vías a menos de 15 minutos dos seus fogares, así como a conxelación das peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo e do Val Miñor.

Pola súa banda, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, indicou que coa medida aprobada hoxe dase un paso máis cara a unha rede de infraestruturas cada vez máis extensa e económica para os cidadáns. "Galicia conta hoxe con máis de 1.400 quilómetros de vías de altas prestacións, dez veces máis que hai 30 anos", afirmou, destacando que en 2025 seguirán avanzando en eixos como o de Tui-A Guarda, Nadela-Sarria e Santiago-A Estrada.

As catro autoestradas que pasarán a ser xestionadas pola Xunta suman un custo total de 297 millóns de euros, e con esta operación prevese un aforro de máis de 330 millóns de euros en peaxes en sombra e mantemento ata o final das concesións. Isto, polo tanto, permitirá dispor de 30 millóns de euros adicionais para as finanzas públicas galegas.

Con este acordo, a conselleira salientou que "Galicia dá un novo paso cara a unha rede viaria máis accesible, eficiente e sostible, consolidando así un modelo de infraestruturas que beneficia a todos os galegos". Así, o Goberno galego reitera a súa aposta por un modelo que achegue as áreas rurais ás urbanas e contribúa á vertebración de todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Acordo beneficioso para Galicia

A conselleira tamén quixo agradecer ás concesionarias destas vías a súa colaboración e compromiso, subliñando o seu esforzo investidor en momentos de dificultade económica e a súa disposición para chegar a un acordo favorable para o rescate das infraestruturas.

"Esta operación permitirá que as catro autoestradas pasen a ser autovías de propiedade pública, xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, cunha administración responsable e comprometida coa calidade do servizo," engadiu.

Neste sentido, volveu insistir na necesidade de que "tamén as autoestradas de xestión estatal, a AP-9 e a autoestrada que une Santiago con Lalín, deixen de estar entre as máis caras de España" e a súa titularidade e centro de decisión pase a estar en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA UNIFICARÁ NO 2025 NUNHA ÚNICA ORDE AS LIÑAS DE AXUDAS ESPECÍFICAS PARA AUTÓNOMOS PARA CONSOLIDAR O LIDERADO AUTONÓMICO EN APOIO DESTE SECTOR

- O Consello informou sobre o balance de 2024 das convocatorias de axudas lanzadas a favor do traballo por conta propia, ás que se destinaron 48,8 M € no marco dos 60 millóns mobilizados para este colectivo e das que se levan beneficiado 8.600 persoas
- No marco dun investimento anual á alza, desde 2020 destináronse 155 M € en axudas específicas, que se suman ás achegas extraordinarias relacionadas coa crise da covid e outros apoios orientados ao fomento do emprendemento para este segmento
- Os actuais programas de axudas, que se manterán e seguirán medrando no vindeiro ano, apoian tanto o inicio da actividade autónoma, como a consolidación e crecemento dos negocios, a conciliación ou a contratación
- Estas iniciativas súmanse ao resto de axudas promovidas por Galicia no marco das políticas activas de emprego, situándose como a primeira comunidade autónoma co maior número de convocatorias publicadas e a terceira en volume de investimento
- En Galicia, o colectivo autónomo representa preto do 19%, do total de afiliacións, 3 puntos por enriba da media nacional, o que demostra a capacidade emprendedora da Comunidade e a eficacia das políticas promovidas pola Xunta

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o grao de execución das convocatorias de axudas lanzadas pola Xunta a favor do emprendemento e do traballo por conta propia, así como das novas medidas en que se está traballando de cara a 2025, entre as que destaca a aposta estratéxica pola simplificación administrativa dos apoios específicos destinados ao colectivo autónomo, coa conseguinte redución da carga burocrática.

Para o Goberno galego, potenciar o emprendemento e o traballo por conta propia é unha prioridade clave, como un motor fundamental de xeración de riqueza e de emprego de calidade. Neste senso, a Xunta deu conta do balance dalgúns dos programas desenvolvidos en 2024, cun investimento de 48,8 millóns de euros -no marco dos 60 millóns mobilizados este ano en políticas de traballo autónomo e emprendemento nun investimento anual á alza para este colectivo- para impulsar o inicio da actividade, a consolidación ou a conciliación, e que -na falta do peche dalgunhas convocatorias-, leva beneficiado unhas 8.600 persoas.

A eficacia das medidas impulsadas polo Executivo galego reflíctese no peso do sector. Galicia está entre as comunidades con maior presenza de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións. O colectivo representa preto do 19 %, máis de 3 puntos por enriba da media nacional, o que demostra a capacidade emprendedora da rexión e contribúe á creación de emprego, ao aumento da produtividade e á competitividade económica. Cómpre destacar que, desde 2020, se levan destinado máis de 155 millóns de euros en axudas específicas, que se suman ás achegas extraordinarias dos plans de rescate e impacto autónomo relacionados coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

crise da covid e outros apoios orientados ao fomento do emprendemento para este segmento.

Para seguir avanzando nesta senda de crecemento, de cara a 2025 a Xunta reforzará o seu compromiso co emprego autónomo para manter todos os apoios dispoñibles, tanto de consolidación e crecemento, como de conciliación, contratación ou nova oportunidade, así como do resto de axudas ao emprendemento para o sector, superando, na constante evolución á alza para este sector, os 60 millóns. Ademais, cumprindo cun compromiso adquirido, por primeira vez todas as axudas específicas para autónomos, dotadas con máis de 40 millóns de euros, convocaranse nunha única convocatoria para avanzar na simplificación administrativa e na redución da carga burocrática.

Liñas de apoio para autónomos

O liderado de Galicia na atención ás políticas activas de emprego queda patente co seu posicionamento como a Comunidade Autónoma cun maior número de convocatorias de axudas publicadas neste eido, case un 10 % do total do Estado. Ademais, destaca o elevado grao de investimento, con máis de 327 millóns de euros, só por debaixo de Andalucía e Madrid. No informe avaliado hoxe no Consello da Xunta recóllense algunhas das medidas concretas para os autónomos postas en marcha polo Executivo galego este 2024, entre as que destaca a implantación da cota cero para os 12 primeiros meses das novas altas, ao que se destinaron preto de 29 millóns de euros.

Tamén figuran apoios específicos para a consolidación da súa actividade como o Bono Autónomo, cunha dotación de 8 millóns de euros e con preto de 2.600 solicitudes atendidas. O paquete de axudas para o colectivo prevé, así mesmo, o fomento da conciliación familiar e laboral, para a contratación de traballadores ou para a transmisión e remuda xeracional de negocios a piques de pechar por mor da xubilación dos propietarios, unha liña implantada como novidade este ano e que permanece aberta aínda ata o vindeiro 30 de outubro de 2024. Así mesmo, aquelas persoas que cesaron a súa actividade no pasado e queren volver emprender un negocio como traballadores autónomos contan tamén co apoio da Xunta a través do programa Nova Oportunidade, con contías de 7.500 euros e cuxo prazo de solicitudes remata o 31 de outubro.

Cómpre sinalar, ademais, que a Xunta de Galicia ten en marcha actualmente a Axenda de impulso ao emprego autónomo, dotada de 360 millóns de euros ata o ano 2027, e que pretende fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Impulso ao emprendemento en Galicia

Os programas de apoio ao emprego autónomo complementáanse, pola súa vez, coas iniciativas desenvolvidas para favorecer o emprendemento como un eixo clave de vertebración do territorio e xeración de emprego, e que levaron a recibir o premio como Rexión Emprendedora Europea 2025. A Xunta seguirá potenciando esta área para completar, por exemplo, a ampliación da Rede de polos de emprendemento, que conta con 14 oficinas nas diferentes provincias e que hoxe en día xa atendeu máis de 2.600 proxectos. Outras medidas neste eido son a posta en marcha do Mapa de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

emprendemento, a publicación de microguías informativas ou a inauguración do Centro de Orientación ao Emprendemento, que coordinará todas as actividades relacionadas coa orientación laboral, co emprendemento e coa innovación para o emprego na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN VALOR A EFICACIA DA FORMACIÓN COMO VÍA DE RETORNO DA MOCIDADE DO EXTERIOR, SALIENTANDO QUE UN 80 % DOS BOLSEIROS BEME QUEDAN NA COMUNIDADE

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a importancia da formación cualificada para a atracción de talento ao mercado laboral galego a través das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME)
- A través desta iniciativa pioneira, que xa leva beneficiado 1.500 galegos e galegas desde 2017, a Xunta ofrécelles a posibilidade de completar a súa formación universitaria en Galicia, coa conseguinte posibilidade de quedar a traballar e vivir aquí
- Os 250 participantes neste ano académico, no que se triplicaron as solicitudes recibidas con respecto á primeira edición, cursan estudos en 81 titulacións diferentes, en áreas como as ciencias sociais e xurídicas, enxeñaría e arquitectura ou ciencias
- Trátase dunha das medidas englobadas na Estratexia Galicia Retorna, dotada con 450 millóns de euros para favorecer ata o 2026 o regreso de 30.000 galegos, incorporando o seu talento ao tecido produtivo para cubrir vacantes e afrontar o reto demográfico

A formación cualificada impulsada polo Executivo galego a través das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME) está sendo unha ferramenta estratéxica clave para o retorno e a integración sociolaboral dos galegos e galegas universitarios que residen no exterior, arredor do 80 % dos cales queda na Comunidade para integrarse no mercado de traballo ao completar os seus estudos. Así o reflicte o informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración analizado hoxe polo Consello da Xunta, onde se fai balance desta iniciativa pioneira impulsada polo Goberno galego desde 2017 en que se leva realizado un investimento total de 12,3 millóns de euros e que se engloba na aposta prioritaria da Xunta por atraer talento cualificado do exterior.

Con este programa de bolsas da Secretaría Xeral da Emigración -unha das medidas incluídas dentro do paquete de accións da Estratexia Galicia Retorna-, a Xunta oferta ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de mestrado nalgunha das tres universidades públicas, coa finalidade de que amplíen a súa formación e adquiran competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías, incorporando así o seu talento ao tecido produtivo da Comunidade.

O éxito desta iniciativa, que vai xa pola súa oitava edición, reflíctese no incremento cada ano do número de solicitudes recibidas. Concretamente, para o presente curso 2024/25 rexistráronse 619 para as 250 prazas dispoñibles, triplicando así as recibidas na primeira edición. Ademais, segundo os datos recollidos das últimas promocións, destaca o grao de permanencia na Comunidade -preto dun 80 % quedan en Galicia- a maioría deles con traballo e ata un 40 % pensa en emprender. Así mesmo, máis dun 90 % dos bolseiros recomendarían a un familiar ou amigo vivir en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os indicadores que se desprenden da actual convocatoria, a maioría proceden da Argentina, Venezuela, O Uruguai, O Brasil e O Reino Unido. Deles, 113 cursarán os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela (USC), 84 na de Vigo (UVigo) e 53 na da Coruña (UDC), nun total de 81 titulacións diferentes, en áreas como as ciencias sociais e xurídicas, enxeñaría e arquitectura, ciencias, saúde e arte e humanidades.

Detalles da convocatoria

As bolsas BEME destínanse a galegos universitarios residentes fóra de Galicia desde hai máis de dous anos ou descendentes de galegas e galegos con titulación superior que desexen realizar un dos mestrados que ofertan as tres universidades públicas galegas en calquera dos seus campus. O obxectivo é que poidan completar a súa formación universitaria en Galicia, coa conseguinte posibilidade de quedar a traballar e vivir aquí.

Todas as persoas beneficiarias destas axudas contan cunha orientación laboral coa cal se pretende non só captar o mellor talento para Galicia de entre os mozos e mozas residentes fóra fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na Comunidade. Así, a oferta céntrase en estudos con maior capacidade de absorción no tecido produtivo galego para contribuír a dinamizar o mercado e atender as vacantes existentes.

A bolsa, cun importe que varía entre os 8.000 e os 12.500 euros dependendo da rexión de procedencia e do número de créditos que se realicen, cobre gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención en Galicia. Con esta convocatoria, a Xunta reafirma o seu compromiso co talento galego no estranxeiro coa meta de fortalecer a Comunidade galega a través da educación e da integración profesional, afrontando o reto demográfico e incrementando a competitividade de Galicia.

Estratexia Galicia Retorna

O programa de Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior é unha das medidas englobadas na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, unha planificación dotada con 450 millóns de euros coa que o Goberno galego busca seguir tecendo lazos coa diáspora, aumentar e fixar poboación -especialmente na Galicia non urbana- e dar resposta a grandes retos do mercado laboral, como son a cobertura de vacantes.

Co obxectivo de promover o regreso de 30.000 emigrantes galegos e os seus descendentes, trátase dunha folla de ruta que incide no compromiso de ofrecer traballos en orixe de calidade, así como formación específica orientada ao emprego e axudas para establecerse en Galicia, garantindo acceso á vivenda, educación e asistencia sanitaria.

Entre os apoios que se ofrecen tamén figuran programas para fomentar o emprendemento para aqueles que consideren o autoemprego como unha vía de retorno, como o Programa de mentoría Merlo, así como acompañamento específico para os seus proxectos a través da Rede de polos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ CONTA DO NOMEAMENTO DE ROSA CHAPELA COMO NOVA DIRECTORA XERENTE DO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR-FUNDACIÓN CETMAR

Doutora en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, exercía desde o ano 2002 a coordinación do departamento de Socioeconomía da Pesca da entidade dependente da Consellería do Mar

O Consello da Xunta deu conta hoxe do nomeamento, realizado esta mesma mañá coa celebración dun padroado extraordinario, de Rosa Chapela como nova directora xerente do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar en substitución de Paloma Rueda, que viña exercendo esta responsabilidade desde o ano 2009. Doutora en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e posgrado en Economía Pesqueira por esta mesma universidade, traballa como coordinadora do departamento de Socioeconomía da Pesca no Centro Tecnolóxico do Mar-Cetmar desde 2002.

A nova directora xerente da entidade dependente da Consellería do Mar iniciou a súa carreira como asesora técnica para temas legais da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia. Desde 2013, é experta xeográfica e contacto para España na Rede Europea Famenet, unidade de apoio á DGMare no desenvolvemento local participativo a través dos grupos de acción local de pesca. Desde o Cetmar, liderou e participou en numerosos proxectos europeos sobre sustentabilidade pesqueira, competitividade e cadeas de valor, desenvolvemento local participativo, cambio climático, a muller na pesca etc., colaborando con numerosos equipos de diferentes países europeos, así como do Brasil ou Sudáfrica.

Colaborou con organismos internacionais como a FAO e a UICN. Contribuíu en proxectos de cooperación internacional centrados na participación e capacitación de mulleres na pesca e na acuicultura en países como Vietnam e Senegal, así como en proxectos de irmandamento para a harmonización da lexislación pesqueira en Romanía e Bulgaria.

Baseada na súa experiencia en políticas pesqueiras, gobernanza da acuicultura e desenvolvemento sustentable, coordinou reunións e eventos con xestores públicos e actores clave do sector pesqueiro europeo, tanto nacionais como internacionais. Ademais doutros proxectos europeos en que participa para dinamizar o impacto socioeconómico da pesca e da acuicultura, como a Rede Emodnet ou o Observatorio Europeo de Economía Azul, conta con publicación e presentacións en congresos en materia de gobernanza da pesca e acuicultura, a ordenación xurídica do litoral, o papel das mulleres na pesca, ou a economía azul, entre outros.